



Campás e campaneiros

Luis Ferro Pego

leonvenera@hotmail.es

Xosé Troiano Carril

xtroiano@hotmail.com

Resumo. Presentamos un estudo sobre as campás que inclúe o inventario de todas as existentes no concello da Estrada. Así mesmo ofrécese unha relación dos seus fundidores e unha breve xenealoxía de cada un deles. Referímonos, por último, á Asociación de Campaneiros de Galicia, entidade que promove múltiples iniciativas en torno ás campás e colabora no estudo e ensinanza dos seus toques.

Abstract. This article is an anthropological work about bells. It makes an inventory of all the bells in A Estrada and presents a brief genealogy of foundry experts. It also aims to highlight the Galician Ringers Association because of its work on recovering and teaching the ancient and forgotten bell rings.

Queridos lectores d'*Estrada. Miscelánea histórica e cultural*, teño a honra de presentarlles o coautor deste artigo e compañeiro de investigación, Xosé Troiano Carril, investigador e divulgador da historia e patrimonio galego e colaborador de diversas asociacións culturais. Ten varios artigos publicados nos xornais *La Voz de Galicia*, edición Carballo e en xornais dixitais. Colabora desde o seu nacemento en *Patrimoniogalego.net*. No ano 2022, xunto con oito campaneiros, fundaron a Asociación Cultural de Campaneiros de Galicia, participando en varios obradoiros e conferencias sobre as campás. Actualmente está a facer un traballo de catalogación xunto a Estanislao Fernández de la Cigoña, inventariando máis de 5.000 campás e máis de 250 mestres fundidores. Ten publicado unha morea de artigos sobre campás. No ano 2017 publica o libro que leva por título *Camarriñas Corazón da Costa da Morte*.

As campás, no medievo afastáronse do ámbito relixioso para asociarse á xustiza feudal. Nos concellos medievais había persoas que pola súa posición distinguida tiñan o dereito a ser recibidas *a campá*

tanxida sempre que chegaban a un pobo ou asistían a actos públicos, como símbolo de distinción.

Non só temos campás nas igrexas; nos pazos e casas fidalgas da Estrada penduran campás. Unhas atópanse nas capelas pacegas e outras na porta da entrada para chamar. Así mesmo en moitos edificios públicos galegos colgan as campás do reloxo. As campás soan para avisar de calquera acontecemento, ou calamidade.

No século XX as badaladas das campás acompañaban aos veciños en momentos de alegría pregoando a ledicia nas festas, a tristura coa dolor da morte, alertaban dun perigo e mesmo avisaban dunha desgracia. Marcaban o ritmo das horas no traballo. A entrada e saída en moitos obradoiros era co son da campá. Na estación do tren, o son da campá servía para dar saída e chegada aos trens.

Hoxe en día parece que as campás amolan a moita xente, pois importuna todo aquilo que soa a relixioso, de aí que tanto nas cidades como no rural hai veciños ou foráneos que protestan polo son das campás.

A pesar de todo, hai un día no ano en que todos estamos pendentes das badaladas da campá, o día de Fin de Ano. E en canto rematan as doce badaladas, todo son parabéns e desexamos a todos un bo ano novo.

O noso rural non sería o mesmo sen o toque da campá; toca a defunto, quen morrería? Mesmo dá gusto escoitar repenicar as campás os días de festa, acompañadas pola sonora explosión dos foguetes que anuncian que xa comeza a troula.

A Asociación de Campaneiros de Galicia nace no mosteiro de Herbón, Padrón (A Coruña) o día 21 de maio de 2022. Exponse recuperar antigos toques de campás de diferentes lugares do noso país. A partir deste momento intensifica o seu labor en charlas, conferencias, congresos e en recuperar o toque manual de campás.

O día 30 de novembro do ano 2022 a UNESCO declara o toque manual de campás español Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade. A decisión foi tomada durante a decimosétima sesión do Comité Intergubernamental para a Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial, reunido en Rabat (Marrocos) do 28 de novembro ó 3 de decembro de 2022.



Carlos Fernández Coto, Presidente da Asociación Patrimonio Cultural Galego e José Barreiro Garrido Presidente da Asociación Campaneiros de Galicia. Igrexa de Cereixo

O pasado día 6 de maio de 2023, ás 16 horas, celebrouse na igrexa parroquial de San Xurxo de Cereixo o Primeiro Congreso aberto sobre o Toque Manual de Campás. Participaron como poñentes a arqueóloga e antropóloga Ana Isabel Filgueiras Rey, os investigadores e escritores Estanislao Fernández de la Cigoña e Xosé Troiano, o presidente da Asociación Cultural de Campaneiros de Galicia, José Andrés Barreiro Garrido, o Fabricante de campás José Enrique López Ocampo, o campaneiro da catedral de Mondoñedo Valentín Insua Palacios, e a gran sorpresa amosouna o campaneiro máis novo de Galicia, Mateo Vázquez Ares. Así mesmo tivemos o privilexio de contar cos campaners d'Albaida (Valencia), Campaneiros para a UNESCO. A mesa estaba presidida por Carlos Fernández Coto, presidente da Asociación do Patrimonio Cultural Galego, e o acto estaba patrocinado polo Concello da Estrada.

A este acto tan só podían asistir 80 persoas que se anotaran con suficiente antelación a través do correo electrónico apatrigal@gmail.com.

Ó día seguinte, 7 de maio, celebrouse na igrexa parroquial de San Xurxo de Codeseda un recital de toque manual de campás a cargo dos Campaners d'Albaida de Valencia, ao que acudiron un grupo numeroso de persoas a escoitar e gozar das campás.

Foi tanto o éxito da Asociación Cultural de Campaneiros de Galicia, que nos deixou abraiados, amosando as súas calidades e sentimentos co seu espectacular toque manual de campás, foron requiridos para facer un obradoiro, e tocar as campás no mes de agosto na igrexa de Couso-A Estrada. Antes tocaron as campás da catedral de Santiago, en marzo, por San Xosé; o día 17 de maio con motivo da despedida do Excelentísimo e Reverendísimo Señor arcebispo Don Julián Barrio Barrio. No mes de xullo gravan desde o campanario da igrexa de Codeseda o toque manual de campás para o programa «Cos Pes na Terra» da Televisión de Galicia. Tanxen as campás da catedral de Mondoñedo e as da catedral de Tui nos primeiros días do mes de agosto con motivo dos concertos do festival de música no claustro da catedral, onde se fixo unha homenaxe ó toque manual de campás. O seu presidente José Andrés Barreiro Garrido é un dos máis activos campaneiros, gravando programas para a televisión, entrevistas para xornais, participando en obradoiros e colaborando na ensinanza de novos campaneiros.

Na actualidade temos moitos e diferentes modos do toque manual de campás. Aínda que os toques son moi similares, existen diferenzas entre parroquias e concellos. Incluso en parroquias veciñas tocábase diferente para diferenciar de que igrexa parroquial era a misa ou o defunto. Algúns dos toques máis coñecidos:

Toque de oficio: tocábase todos os días do ano: á alba, mediodía (Ángelus ou Ave María) e ó anoitecer (oración ou de Ánimas). O toque consistía en quince badaladas na campá maior.

Toque a lume ou rebato: era unha sinal de aviso eficaz para xuntar e coordinar as xentes do lugar. Consistía nun toque apurado coa campá maior que podía comezar con tres toques separados.

Toque de tronada ou toque de tentenublo: tocábase cando se intuía que viña unha tormenta ou temporal. Era un toque que se

realizaba mediante unha serie de badaladas moi lentas coa campá maior.

Toque a perdido ou de atopado: tocábase en días de moita borraxeira ou noites moi escuras cando algún veciño non chegara a casa, para que se puidese orientar. Ó igual que no mar para que os barcos se puidesen orientar escoitando as badaladas.

Toque a parto: tocábase cando a muller ía dar a luz. Dábanse nove badaladas nove veces. Este toque prohibiuse en Santiago de Compostela a finais do século XIX e en Mondoñedo no século XX.

Toque a morto ou clamor: toque combinado das campás maior e menor para anunciar a morte dun veciño. Faise no momento en que finou e despois ó mediodía e ó anoitecer, tralo toque de oficios (hoxe desaparecido). Ó día seguinte igual, tralos toques de oficios ata o momento do enterro. O toque é diferente dependendo de se o finado é un home ou unha muller. Este toque ten variantes en algunhas freguesías.

Toque de vacante: cando morre o cura párroco da freguesía, durante todo o día tócase a campá maior seguido da menor espaciando un tempo e voltando a tocar maior e menor.

Toque a gloria: soaba cando algún neno ou nena falecía. Tocábase coa campá menor.

Toque a rosario: tocábase todos os domingos e días festivos entre cinco e dez badaladas para que os fregueses acudisen ao Rosario.

Toque a domingo: constaba de catro partes; repique, volteo ou bandeado da campá menor, repique para rematar con toques rápidos para chamar á misa: media hora antes, un cuarto de hora antes e xusto antes da misa. Hoxe en día faise a última parte na maioría das freguesías.

Toque a misa: tócase ou tocábase todos os días do ano para a chamada dos fregueses á misa diaria. Tócanse entre quince e trinta badaladas, descansando uns segundos, e logo dando una, dúas e tres badaladas, tres veces dependendo das freguesías: media hora antes trinta máis unha, un cuarto de hora antes trinta máis dúas e xusto antes da misa trinta máis tres.



A arqueóloga e antropóloga Ana Isabel Filgueiras Rey. Igrexa de Cereixo

Tocar a vésperas: tocábase o día anterior ás festas sinaladas. O toque realizábase pola tarde anunciando que o día seguinte era festa con quince badaladas.

Toque a festa: constaba de catro partes; repique, volteo ou baldeo da campá maior e repique; En algunhas freguesías toques rápidos antes da misa.

Que é e como é unha campá?

Definiríamola como instrumento musical de percusión, feito case sempre en bronce e moito máis escasamente en ferro fundido. O bronce non é máis ca unha aliaxe de cobre e estaño. A proporción está arredor dun 78-80% de cobre e un 20-22% de estaño. Esta aliaxe coñécese como «bronce campá»

por ser a máis usada polos fundidores. Actualmente, as empresas de fundición de campás, e pomos por exemplo o caso dos Ocampo de Arcos da Condese (Caldas de Reis), non fan a aliaxe de cobre co estaño nas devanditas porcentaxes, xa que mercan o metal xa mesturado das metalúxicas. O bronce-campá vén, entón, en lingotes. Os fundidores mercan un bronce formado exactamente por 80 partes de cobre e 20 de estaño. Unha gran parte das campás fanse a partir do material aportado por outras campás estragadas (fendidas ou rotas). Se precisamos facer unha campá nova a base do material

aproveitado e que teña as mesmas medidas ca que se substitúe hai que engadirlle entre un 7 e un 10 por cento máis de bronce, pois na refundición sempre hai algunhas perdas que os fundidores antigos coñecían por «desfalcos». Cómpre a refundición das campás «chocas» (rotas, partidas ou fendidas) porque o bronce non admite soldaduras satisfactorias que devolvan á campá arranxada o son harmónico inicial, aínda que hoxe en día, en Alemaña hai algunha empresa que as arranxa moi ben pero nunca chega a escoitarse o son como antes de fenderse.

Podemos distinguir dous tipos de campás:

- de tipo esquilón: as máis abundantes na Galiza. + do 95%.
- de tipo romana: as que menos hai, de maior envergadura e menor espesor: o son é máis grave.

Partes dunha campá

Para describir unha campá de abaixo arriba e polo exterior podemos ollar o pé, medio pé, medio, terzo, ombro, asas ou coroa e xugo. Polo interior a argola e o badalo. A argola vai na parte superior interior da campá e serve para suxeitar o badalo e poder dar badaladas. O pé é a parte máis grosa onde o badalo pega pola súa parte interior e pola parte exterior vai o sinete indicándonos quen foi o mestre fundidor que a elaborou. No medio pé normalmente van as inscricións onde podemos saber quen as doou, quen as mandou facer ou quen as fixo. No medio preséntase unha cruz ou recadros con inscricións varias. Na parte do terzo vai normalmente a inscrición *JHS María e Xosé* (JHS na súa forma latina ou IHS na súa forma grega que significa, *Xesús home salvador ou salvador dos homes*. Nas asas ou coroa é onde vai pendurada a campá e tamén onde vai suxeito o xugo.

Con respecto ao xugo, coída a xente que estes serven para suxeitar as campás ás paredes das espadanas ou torres cousa que non é certa, pois o encargado de fixalas e un ferro, chamado *eixo varón*, que pasando polos buratos da *coroa* as manteñen firmes e seguras. En Galicia temos dous tipos de xugos: o xugo dunha soa peza, que normalmente semella mera decoración e, o xugo de varias pezas. Este xugo consiste nun *brazo*, *eixo*, *panca* e *contrapeso*. O *brazo* é a peza de

madeira onde se sitúa o eixe de xiro. O *eixo* pode ser recto ou acodado, sendo a maioría rectos. A *panca* é un elemento que permite balancear a campá grazas a unha corda, cadea ou as veces, coa man. Normalmente, presenta unha curvatura cara arriba, aínda que pode ser recta ou con ela cara abaixo. A panca colócase xeralmente no lado dereito, atravesando a metade superior do brazo. Por último, o *contrapeso*. Este aséntase sobre o brazo, sendo de gran tamaño e constitúe o corpo desta parte. Este contrapeso, habitualmente ten unha segunda peza, un pequeno cabezal colocado en sentido transversal. A súa función é a de suxeitar os tirantes e abarcóns de suxección da campá que van aparafusados na súa parte superior.

O xugo dunha soa peza, moitas veces desaparece estragado pola intemperie, deixando ao descuberto o devandito eixo e a campá segue perfectamente no seu sitio. A unión do xugo coa coroa da campá realízase mediante pletinas de ferro chamadas *tirantes*. Tampouco son simples adobíos aínda que, ás veces, o poidan parecer. A súa función é a de servir de contrapeso, facendo que o movemento adiante a atrás da campá cando se tanxe sexa acompañado. Os xugos poden estar feitos en:

- a) Madeira, os máis frecuentes, moi raramente adquiren formas artísticas.
- b) Ferro, escasos, e frecuentemente ligados ás campás dos reloxos mecánicos de torre.
- c) Mixtos: de madeira e pedra, restrinxidos a zonas moi concretas do noso territorio, pois, polo de agora soamente sabemos deles no centro-norte da provincia de Lugo. A pedra aumenta notablemente o peso do xugo e fai xirar as campás máis facilmente cando se voltean.

Porqué a igrexa usa campás?

Os templos romanos e católicos antigos, érguense cun eixo que vai de Oriente (Leste) a Occidente (Oeste) A ábsida, orientada a Levante (Leste) e a porta principal ou pórtico, ábrese a poñente (Oeste). As igrexas católicas rematan con espadananas ou campanarios sobre o pórtico.



José Barreiro Garrido, presidente da Asociación Campaneiros de Galicia. Igrexa de Couso

As campás son un instrumento ben coñecido no mundo. O seu son é inconfundible, sexa cal sexa o lugar. Case todas as igrexas católicas contan cun campanario, lugar onde se atopan as mesmas, e son parte esencial do edificio relixioso.

A súa historia

O uso das campás para anunciar calquera acontecemento máis ou menos notable é moi antigo, pero na igrexa católica comezaron a usarse nun tempo relativamente tardío. O aviso para os oficios divinos, nos primeiros séculos, facíase a viva voz; semella que existiron uns diáconos, cuxo nome era «cursores», que avisaban casa por casa. Como os cristiáns foron perseguidos polo imperio romano nos primeiros séculos da igrexa, non se podían construír, pois a Misa celebrábase nas catacumbas. Se non se podían construír edificios relixiosos, moito menos se podían usar campás, pois eran tempos de persecución. O uso das campás aparece na Igrexa occidental, no século VII e na oriental, semella que non as usaron antes do século



Cartel do Obradoiro de Campás de Couso 2023

IX, aparecendo as primeiras campás en Santa Sofía de Constantinopla.

Antes do uso das campás, aparecen outros instrumentos de convocatoria, como son: tabletas ou láminas de madeira, golpeándose unhas contra outras; barras de metal, bociñas ou trompetas (prescritas pola regra de San Pacomio para congregalos monxes). Cando se puxeron en uso, nun principio non había máis ca unha en cada igrexa, multiplicándose posteriormente. Ó medrar o número de campás, asimesmo o tamaño,

viuse a necesidade de construír torres para colocalas debidamente e para que o seu son puidera chegar máis lonxe.

No tempo de san Anastasio, martir de Persia, non se usaban campás, debido ás sangrentas e crueis persecucións que padecían. Logo, conseguida a tranquilidade desexada, o papa Sabiniano, que gobernou a igrexa do ano 604 ata o 606, mandou que todas as igrexas se lle puxeran campás e que se tocaran de día e de noite.

No primeiro lugar onde se fabricaron as campás cristiáns para o uso que se lle dá hoxe, foi en Nola, cidade da rexión de Campania. O seu inventor foi san Paulino, bispo de Nola. Ás grandes chamáronse «campás» pola rexión de Campania, e as pequenas «nolas», pola cidade de Nola, onde se fundiron e usaron por primeira vez.

Porqué as usa a igrexa?

Ao seu son concorren os fieis a oír a Palabra de Deus, a orar e a alabar a Deus e a cumprir coas obrigacións de todo cristián. Cando unha persoa escoita as badaladas, interpreta que a Misa vai comezar



Torres e campanario da igrexa de Codeseda

ou a nova dunha morte. Tamén repiques de festa ou procesión. Non en todas as parroquias se tocan igual, cada unha ten as súas diferencias. Nunca soan nos tres días santos da Semana Santa, Xoves, Venres e Sábado Santo. Este coa fin de lembrar os momentos de angustia que viviu Xesús o xoves, a súa Dolorosa Paixón o venres e a súa estancia no Sepulcro o sábado. En cambio, o Domingo de Pascua de Resurrección, tócanse as campás en lembranza da alegría de que resucitou e que segue vivo entre todos nós. As campás non se bautizan, bendícese para dedicalas ó culto divino.

Inventario de campás da Estrada

Agar

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1902 A / A FUNDIDA
POR J. LISTE EN ORAZO A

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE S^{TA} MARINA y S^{TA} BAR^{RA}
ANO DE 1961* / ME HICIERON SIENDO CURA D. GON-
ZALO CORTIZO VILA POR TABOADA EN LALIN*.

Aguións

Dúas campás do mesmo tamaño; a da dereita: JHS MARIA Y JOSE
ANO DE 1953 / SE HIZO SIENDO PARROCO D. AMANCIO
VEIGA ABAD* / JUAN OCAMPO / METALES FINOS / Fun-
didor de Campanas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES .

Campá esquerda: JHS A MARIA A Y JOSEF A ANO DE 1817 A
A A A / SEIZO SIENDO CURA RETCOR DO GABRIEL AN-
TONIO DE DO RELLE***** / SERNA ME FECIT EN S^{TO}.

Pazo do Preguecido

1 campá: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1890.

Ancorados

S. Pedro

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1858* / JH. P.O.D.?.
(Está campá substituíu a outra de 1799 fundida por Juan Manuel
de la Vega en Orazo, A Estrada. Esta, a súa vez substituíu a outra
de 1772 elaborada polo mesmo fundidor).

Campá pequena: JHS M^A * JPH *** LAUDETUR DOMINUS 1779
/ SANCTUS

S. Tomé

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO D 1883 A / A LISTE EN
ORAZO A

Campá pequena: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1855 / JUAN LISTE
ME HIZO.

Arca

Dúas campás similares, a que está orientada ao poñente.

No alto: MARIA Y JOSE AÑO 1989. Parte baixa: HIZOSE SIENDO CURA DE SAN MIGUEL DE ARCA DON JOSE RODRIGUEZ MALVAR. Un selo circular, parte de fora, parte superior; HERMANOS OCAMPO, parte baixa; ARCOS DE LA CONDESA. Círculo central do selo, parte superior METALES FINOS, parte baixa PONTEVEDRA CALDAS DE REYES. Centro; FUNDICIÓN DE CAMPANAS. (Esta campá substituíu a unha outra de 1861 fundida por Palacio e Liste en Orazo, A Estrada).

Campá orientada ao levante; na parte alta: DOMINUS 1792 JHS M JPH LAUDETUR. Parte baixa; RADIX DUID ALLELUIA ECCE CRUCE DOMINI FUGITI PARTES ADUERSA UINCIT. (Esta campá foi fundida por Juan Manuel de la Vega en Orazo).

Capela da Asunción

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1944 / JUAN OCAMPO / METALES FINOS / Fundidor de Campanas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1944 / JUAN OCAMPO / METALES FINOS / Fundidor de Campanas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES.

Arnois

Campá grande: JHS M^A * JPH ***LAUDETUR DOMINUS 1807 / * ECCE CRUCEM (DOMINE FUGITE) PARTES ADBERSAE (VINCIT) LEO DE TRIBU IUDA ALLELUIA* (Campá fundida por Juan Manuel de la Vega en Orazo).

Campá pequena; IHS M^A Y JOSE ANO DE 1857 (JVAN) LISTE MEIZO EN ORAZO. (Fundida por Juan Liste).

Capela de Ribadulla Nosa Señora da Granada

Campá grande: DOMINUS E...N...D... HTR. AÑO 1800.

Campá pequena: M...José, años 1872. J.L. en Orazo.

Capela das Neves

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1956 / FABRICADO POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1956 / DONADA POR D RAMON TATO COLLAZO / FABRICADO POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Baloira

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO D 1875 A S^A BARBARA A / A LISTE E N ORAZO A.

Pequena: HS M^A Y JOSE ANO D 1876 A / A LISTE EN ORAZO A.

Barbude

Campá grande: HIS M^A Y JOSE ANO DE 1870 A / A P^R J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1883 A / LAS DOS ... FRAN.^O CALBELO A J. LISTE EN ORAZO A.

Barcala

Santa Mariña

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1902 / MELCHOR OCAMPO MEHIZO EN ARCOS DE LA CONDESA.

Pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1862 ***** / HIZOSE SIENDO ABAD D N MIGUEL DE BARCALA SANTA MARIÑA D N / FELIPE G A * Y PORTO.

Capela de San Xoán

Onde se venera a San Humberto; sen campá na espadana.

San Miguel

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO D 1874 A / HIZIENROISE POR DISPOSICION D. D. FELIPE GARCIA PORTO CURA-PROPIO Y AESPENSAS DE LOS BEZINOS D. ESTA D S^N. MIGUEL D BARCALA A.

Pequena: IHS M^A Y JOSE D ANO 1874 A / A LISTE EN ORAZO A.

Berres

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE A SAN VICENTE DE VERRRES A / LOS LISTES ME HICIERON EN ORAZO A ANO DE 1892 A ME HICIERON SIENDO CURA D. MANUEL LOIMIL A.

Campá mediana: * JHS * M^A * JPH * S^A * D E N I E U A ** S^{TA} * B^{RA} * ***1 8 0 2 *** / ECCE CRUCEM DOMINE FUGITE PARTES ADVERSAE VICIT LEO DE TRIBU JUDA ALLELUIA.

Campá pequena: IHS* MARIA* Y JOSE* ANO* DE* 1854*.

Capela do Amparo

Grande: S. MIGUEL DE LAMELA LISTE ME HIZO EN ORAZO.

Pequena: AÑO 1823

Calobre

Campá grande: YHS M^A Y JOSE ANO DE 1874 A / SANTA BARBARA / A JUAN LISTE EN ORAZO A.

Pequena: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1894 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Capela San Bieto

En Baliñas: sen campá.

Castro

San Miguel

Campá grande: JHS Y MARIA ANO DE 1963 / ME HIZO TABOADA SIENDO CURA D. JOSE CAMPOS.

Pequena: J.H.S. MARIA Y JOSE AÑO DE 1838.

Capela das Angustias

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1902 A / A FUNDIDA POR J. LISTE E ORAZO.

Pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1892 / Juan María de la Sota Me Hizo / LUGO.

Cereixo

Campá grande, torre dereita (Campá do reloxo): IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1919 A / IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1919 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A SE HIZO SIENDO ... DON ANTONIO ... A

Campá grande torre esquerda: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1919 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena, torreesquerda: *JHS* MARIA * Y JOSE F * ANO * DE * 1799 * / ...^{RA} * OU^E * PA^{GO} * D^N * PHE^{LIPE} * AN^{TO} * DELE^{RA} * CV^{RA} ACO^{TA} * D^E * L^A * LIMONA * D^E * S^N * JORXE *

Codeseda

Ten o campanario da igrexa catro campás. Campá grande na torre sur, mira a poñente: MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA AÑO 1911. Dúas máis pequenas na torre norte: PALACIO Y LISTE EN ORAZO AÑO 1864, esta mira a poñente. Outra mira ó nacente: MARIA Y JOSE ESTAS SE HICIERON SIENDO CURA PARROCO D. AGUSTIN SALGADO BOUZAS. MELCHOR OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA, AÑO 1902. Campá do reloxo, centro do campanario con torre de fundición: ESTA CAMPANA FUE DONADA POR DON JUAN RODRIGUEZ BERGUEIRO Y SEÑORA. Un selo pon: FABRICADA POR OCAMPO EN ARCOS DE LA CONDESA. AÑO 1932

Santuario da Nosa Señora de Guadalupe (A Grela)

Tres campás.

Campá grande: JHS * MA RIA * Y JOSE * ANO * DE 1849 **.

Campá mediana: * JHS * M * ^ JPH * N^A * S^A * 1808 A *** / SANCTUS DEUS SANCTUS FORTIS SANCTUS IMMORTALIS.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1902 / FABRICADA POR / MELCHOR OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Capela de San Antonio (Monteagudo)

Campá de pequenas dimensións posta na espadana. JHS MARIA Y JOSE. OCAMPO ARCOS DE LA CONDESA. ANO DE 1944.

Capela desaparecida de San Roque (Quintas)

IHS M^A Y JOSE ANO DE 1890 A / A LISTE EN ORAZO A.

Cora

Campá grande: IHS M^A Y JOSE S^N MIGUEL DE CORA SI.^{DO} BICARIO D.^N RAMON CALVO ANO DE 1854 * / JVAN LISTE ME HIZO.

Pequena: IHS M^A Y JOSE ANO D. 1893 A / A LISTE EN ORAZO.

Couso

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1940 / SIENDO CURA PARROCO D. PEDRO GARCIA CARBIA / FABRICADA POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Pequena: JHS * MARIA * Y JOSE * ANO * DE * 1845 ** / SE HIZO SIENDO ABAD DN * DOMINGO * TORES * ... * DE * SANTA * MARIA * DE * COUSO **

Curantes

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO D. 1867 A / A LISTE EN ORAZO A.

Pequena: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1879 A / A LISTE EN ORAZO.

A Estrada

Campá grande: *JHS M*^A JPH S^{TA}* B^{RA} *... *18 * 18 / * ECCE * CRUCEM * DOMINE * FUGITE * PARTES * ADVERSAE * LEO * DE TRIBU * IUDA * RADIX * DAVID * ALLELUIA *.

Campá pequena: JHS MARIA Y * JOSEPH ANO DE 1800 A/.

Frades

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1919 / FABRICADA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE, AÑO DE 1974 / HERMANOS OCAMPO / METALES FINOS / Fundidor de Campanas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES / ARCOS DE LA CONDESA.

Capela da Milagrosa en Requián

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1925. FABRICADA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1842.

Guimarei

Campá grande: IHS M^A Y JOSE Sⁿ JULIAN DE GUIMAREY A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A AÑO DE 1906.

Pequena: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1948 / FABRICADA POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA,

Capela San Ildefonso

Algalia. Sen campá

Lagartóns

Campá grande: H. MALIG Y ... FUNDICIONES ORENSE. (fundición M. Malingre de Ourense) COMISIÓN DE VECINOS DE LAGARTÓNS 1978.

Campá pequena: IHS M^A Y JOSE AÑO DE 1875 A / A LISTE EN ORAZO A.

Lamas

Campá vella: YHS M^A Y JOSE AÑO DE 1870 / P.^R LISTE EN ORAZO A.

Campá nova: PARROQUIA DE SAN BREIXO DE LAMAS / AÑO DE 1986 / A FUNDIÇÃO DE SINOS / -DE- / BRAGA / SERAFIM DA SILVA JERÓNIMO / RUA DO CORVO 72-78 / BRAGA.

Capela da Virxe de Guadalupe, antes do Rosario en Riamonde

A FUNDIÇÃO DE SINOS / -DE- / BRAGA / SERAFIM DA SILVA JERÓNIMO / RÚA DO CORVO 72-73 / BRAGA / ANO DE 1986.

Liripio

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1890 A / A LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE HIZOSE SIENDO VICARIO D. ANDRES ... ANO DE 1841.

Capela de Santo Domingo, onde se venera Santa Lucía, en Cabanelas

1 campá: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1840.

Loimil

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1868 A / A LISTE EN ORAZO A.

Pequena: JESUS MARIA Y JOSE AÑO 2019 / DONACION DE / GERMAN DIEGUEZ / AURORA GOMEZ / ME HIZO OCAMPO EN / ARCOS DA CONDESA / PONTEVEDRA. (Esta campá substitúe a outra de 1869 fundida por Juan Liste en Orazo, A Estrada).

Capela da Saleta: sen campás.

Matalobos

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1904 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1945 / FABRICADA POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Moreira

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1883 A / A J. LISTE EN ORAZO A.

Pequena: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1878 / LISTE EN ORAZO.

Casa señorial da Pica

1 campá: ANO DE 1984 / A FUNDIÇÃO DE SINOS / -DE- / BRAGA / SERAFIM DA SILVA JERÓNIMO / RÚA DO CORVO 72-73 / BRAGA.

Nigoi

Campá grande: IHS M^A Y JOSE S^TA MARIA DE NIGOI ANO DE 1901 A / A SE HIZO SIENDO CURA DON ANDRES BUA A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO.

Campá pequena: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1917 / FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Oca

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1904 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1940 / FABRICADA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA.

Capela de Santo Antón, Pazo de Oca

Campá grande: SOR JOSEFA DE SAN FELIPE PRIORA DEL CONVENTO STA MARIA DE LOS REYES. CAPELLAN D. ANTONIO MANES JEREZANO, AÑO 1928. Trouxérona de Sevilla.

Campá mediana: IHS MARIA 1846 * * * *.

Campá pequena: AÑO 1950 / SANJURJO / VIGO.

Olives

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1903 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Pequena: IHS S.^{TA} M^A DE OLIBES HIZOSE SI^{DO} CVRA D^N MANVEL GOMEZ 1854** / JVAN LISTE ME HIZO.

Orazo

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1913 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá mediana: JHS JOSE Y MARÍA ANO DE 1967 / ME HIZO (FIDEL TABOADA EN MONEIJAS) LALIN.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1848 / HONTAÑÓN ME HIZO EN STº.

Capela de Santa Mariña

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1929 / FABRICADA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1958 / FABRICADO POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Capela de San Lois

Campá grande: 1930... Ocampo ... Arcos.

Campá pequena: AÑO 1906... Liste en Orazo.

Ouzande

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1905 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá mediana: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1902 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: JHS MARÍA Y JOSE ANO DE 1844 / SE FUNDIO SIENDO RECTOR D JUAN MANUEL FONTENLA.

Parada

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1927 / FABRICADO POR OCAMPO / EN ARCOS DA CONDESA.

Campá pequena: JESUS MARIA Y JOSE ANO DE 2019 / ME HIZO OCAMPO / ARCOS DA CONDESA / PONTEVEDRA. (Esta campá substituíu a outra de 1891 fundida polos Ocampo en Arcos da Condesa, Caldas de Reis).

Paradela

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1889 / OCAMPO ME HIZO EN ARCOS DE LA CONDESA.

Campá pequena: IHS M^A Y JOSE / PALACIO y LISTE EN ORAZO, AÑO 1864

Pardemarín

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1903 A / A FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: JHS M^A * JPH S *^{TA} BAIA D * PAR D MARIN
S^{TA} BAR^{RA} ❖❖ / S^{DO} ABAD D. GONZALO NIEUES (1780?).

Remesar

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1852 / JVAN DE
LISTE MEYZO EN ORAZO.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1961 * / ME RE-
FUNDIO TABOADA D. MANUEL PAZOS VIZ.

Ribeira

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1830 ❖❖.

Campá pequena: JHS SANTA MARINA DE RIVEIRA S^{TA} BAR^{RA}
ORATE PRONOVIS / S^{DO} ABAD D^N FER^{DO} ARANGO?
AÑO 1778.

Capela de San Vicente de Ribeira

Campá grande: FERROL AÑO DE 1840 **

Campá pequena: Anepígrafa.

Ribela

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1893 A / A FUNDI-
DA POR J. LISTE EN ORAZO A.

Pequena: IHS M Y JOSE AÑO DE 1882 A / A LISTE E ORAZO
A.

Riobó

Campá grande: JHS ❖❖ MARIA ❖❖ Y JOSE ❖❖ AÑO DE 184 9 /
HIZOSE * SIENDO * ABAD * JOAQUIN BARCALA *.

Campá pequena: JHS Ω MARIA Ω Y JOSE Ω AÑO Ω DE Ω 1831 Ω

Rubín

Campá grande: AÑO 1960 / CON MI VOZ ALABO A MI (DIOS)
/ LA PEÑA DE GALLEGOS Y SIMPATIZANTES DE EL AN-
TEOJO DE CADIZ OFRENDAN ESTA CAMPANA A SAN
CAMPIO PATRON DE SANTA MARIA DE RUBIN DE GA-
LICIA EL 6 DE JUNIO DE 1960.

Pequena: IHS M Y JOSE AÑO D. 1857 / JVAN LISTE ME HIZO.

Capela Nosa Señora da Regla no Foxo

Campá grande: IHS M^A Y JOSE AÑO DE 1866 * / A PALACIO Y LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: IHS M Y JOSE AÑO DE 1867 A / A P Y L EN ORAZO A.

Sabucedo

Campá grande: IHS M^A Y JOSE AÑO DE 1890 A / A FUNDIDA POR J. LISTE E ORAZO A.

Campá pequena: *IHS M^A JPH S^N LOR^{ZO} DE SABUCEDO A A A A / HICIER^{SE} * S^{DO} * ABAD EL S^R * DN JOSEF VILLA MARI-NO VERM^Z * 1779.

Santeles

Campá grande: JHS MARIA Y JOSEF AÑO DE 1829 **.

Campá pequena: JHS SAN JUAN Y SANTA BARBARA ORATE PRONOBIS A AÑO DE 1818 A / SE IZO SIENDO RECTOR B^R DON JOSEF BENITO CASAL Y AGRA / SERNA ME FELICIT EN S^{TO}.

Somoza

Campa grande: IHS M^A Y JOSE AÑO DE 1872 A / A J. LISTE EN ORAZO A.

Campá pequena: IHS M^A Y JOSE AÑO DE 1871 A / A J. LISTE EN ORAZO A.

Souto

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1989 / MEIZO ANDRES DE SO... / HERMANOS OCAMPO / METALES FINOS / Fundidor de Campa nas / PONTEVEDRA / CALDAS DE REYES / ARCOS DE LA CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1818 **

Capela San Bieito de Montillón

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1884 † OCAMPO
ME HIZO EN ARCOS † DE CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1989 / FABRI-
CADO POR / OCAMPO EN ARCOS / DE LA CONDESA.

Tabeirós

Campá grande: IHS MARIA Y JOSE SANTIAGO DE TABEIROS
A / SIENDO CURA D. JOSE NOVO VAZQUEZ A FUNDIDA
POR J. LISTE EN ORAZO A AÑO DE 1900 A.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1935 / FABRI-
CADA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA.

Capela da Consolación

Campá grande: GRAN FUNDICION DE / CAMPANAS / DE
/ JOSE CABRILLO MAYOR / SALAMANCA / AÑO DE
1948.

Campá pequena: IHS M Y JOSE AÑO DE 1898 A / A J. LISTE E
ORAZO A.

Toedo

Campa grande: IHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1896 A / A FUNDIDA
POR J. LISTE E ORAZO A.

Campá pequena: IHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1896 A / A
FUNDIDA POR J. LISTE E ORAZO A.

Vea Santo André

Campá grande: JHS MAARI Y JOSE AÑO DE 1842 / MADRE DE
DIOS DEL ROSARIO SED NUESTRO AMPARO.

Campá pequena: IHS MARIA Y JOSE AÑO DE 1883 A / A
FUNDIDA POR J. LISTE EN ORAZO A. (Esta campá substituíu
a outra de 1777 fundida por Juan Manuel de la Vega en Orazo,
A Estrada).

Espadana da Igrexa de Ouzande

Veia Santa Cristina

Campá grande: J.H.S. MARÍA Y JOSÉ AÑO DE 1891, FABRICADA POR MELCHOR CONDESA.

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1836.

Capela da Nosa Señora Aránzazu, A Gándara

Campá grande: JHS MARÍA Y JOSÉ ANO DE 1817.

Campá mediana: JHS M^a Y JOSÉ ANO DE 1880 A / A LISTE EN ORAZO.

Campá pequena: IHS M^a Y JOSÉ ANO DE 1871 A / A LISTE EN ORAZO.

Veia San Xiao

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1818. A COSTA DE LA FÁBRICA DE LA IGLESIA.

Campá mediana: JHS MARIA Y JOSE AÑO 2001 / FABRICADA POR /OCAMPO EN ARCOS /DE LA CONDESA. (Esta campá substituíu a outra de 1818 fundida por Juan Manuel de la Vega en Orazo, A Estrada).

Campá pequena: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1922 / FABRICADA POR OCAMPO / EN ARCOS DE LA CONDESA.



Capela de San Bartolomeu

JHS MARIA Y JOSE AÑO 2001 /FABRICADA POR OCAMPO
/ EN ARCOS DE LA CONDESA.

Vea San Xurxo

Campá grande: JHS MARIA Y JOSE ANO DE 1855 ** **.

Pequena: JHS A MARIA Y JOSEF A ANO DE 1803 A / JPH
FRAN^{co} SERNA MEHIZO EN S.^{TO}.

Vinseiro

Campá grande: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1871 A / A LISTE EN
ORAZO A.

Pequena: IHS M^A Y JOSE ANO DE 1884 A / A LISTE EN ORAZO
A.

Catálogo de campás no concello da Estrada

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
1	Maior	Santa Mariña de Agar	Juan Liste (Orazo)	1902
2	Menor	Santa Mariña de Agar	Fidel Taboada (Lalín)	1961
3	Maior	Santa María de Aguións	Juan Ocampo (Arcos da Condesa)	1953
4	Menor	Santa María de Aguións	José Francisco Serna (Santiago de Compostela)	1817
5	Única	Pazo do Preguecido, Aguións	Ocampo (Arcos da Condesa)	1890
6	Maior	San Pedro de Acorados	Anónima	1858
7	Menor	San Pedro de Acorados	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1799
8	Maior	San Tomé de Acorados	Juan Liste (Orazo)	1883
9	Menor	San Tomé de Acorados	Juan Liste (Orazo)	1855
10	Maior	San Miguel de Arca	Hermanos Ocampo (Arcos da Condesa)	1989
11	Menor	San Miguel de Arca	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1792
12	Maior	Capela da Asunción, Arca	Juan Ocampo (Arcos da Condesa)	1944
13	Menor	Capela da Asunción, Arca	Juan Ocampo (Arcos da Condesa)	1944
14	Maior	San Xiao de Arnois	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1807
15	Menor	San Xiao de Arnois	Juan Liste (Orazo)	1857
16	Maior	Capela de Rivadulla, Arnois	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1800
17	Menor	Capela de Rivadulla, Arnois	Juan Liste (Orazo)	1872
18	Maior	Capela das Neves, Arnois	Ocampo (Arcos da Condesa)	1956
19	Menor	Capela das Neves, Arnois	Ocampo (Arcos da Condesa)	1956
20	Maior	San Salvador de Baloira	Juan Liste (Orazo)	1875
21	Menor	San Salvador de Baloira	Juan Liste (Orazo)	1876

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
22	Maior	San Martiño de Barbude	Juan Liste (Orazo)	1870
23	Menor	San Martiño de Barbude	José Liste (Orazo)	1883
24	Maior	Santa Mariña de Barcala	Melchor Ocampo (Arcos da Condesa)	1902
25	Menor	Santa Mariña de Barcala	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1862
26	Maior	San Miguel de Barcala	Juan Liste (Orazo)	1874
27	Menor	San Miguel de Barcala	Juan Liste (Orazo)	1874
28	Maior	San Vicenzo de Berres	Juan e José Liste (Orazo)	1892
29	Mediana	San Vicenzo de Berres	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1802
30	Menor	San Vicenzo de Berres	Sandalio de Palacio (Cantabria)	1854
31	Maior	Capela da Nosa señora do Amparo, Berres	Juan Liste (Orazo)	¿?
32	Menor	Capela da Nosa señora do Amparo, Berres	Anónima	1823
33	Maior	San Martiño de Callobre	Juan Liste (Orazo)	1874
34	Menor	San Martiño de Callobre	Juan Liste (Orazo)	1894
35	Maior	San Miguel de Castro	Fidel Taboada (Lalín)	1963
36	Menor	San Miguel de Castro	Anónima	1838
37	Maior	Capela da Nosa Señora das Angustias, Seixo, Castro	José Liste (Orazo)	1902
38	Menor	Capela da Nosa Señora das Angustias, Seixo, Castro	Juan María de la Sota (Lugo)	1892
39	Maior, torre esquerda	San Xurxo de Cereixo	José Liste (Orazo)	1919
40	Menor, torre esquerda	San Xurxo de Cereixo	José Francisco Serna (Santiago de Compostela)	1799
41	Maior, torre dereita	San Xurxo de Cereixo	José Liste (Orazo)	1919

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
42	Maior, torre dereita	San Xurxo de Codeseda	Palacio e Liste (Orazo)	1864
43	Menor, torre dereita	San Xurxo de Codeseda	Melchor Ocampo (Arcos da Condesa)	1902
44	Única, torre esquerda	San Xurxo de Codeseda	Melchor Ocampo (Arcos da Condesa)	1911
45	Campá do reloxo	San Xurxo de Codeseda	Ocampo (Arcos da Condesa)	1932
46	Maior	Capela da Nosa Señora de Guadalupe, Codeseda	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1849
47	Mediana	Capela da Nosa Señora de Guadalupe, Codeseda	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1808
48	Menor	Capela da Nosa Señora de Guadalupe, Codeseda	Melchor Ocampo (Arcos da Condesa)	1902
49	Única	Capela de Monteagudo, Codeseda	Ocampo (Arcos da Condesa)	1944
50	Única	Capela de San Roque / San Brais	Juan Liste (Orazo)	1890
51	Maior	San Miguel de Cora	Juan Liste (Orazo)	1854
52	Menor	San Miguel de Cora	Juan Liste (Orazo)	1893
53	Maior	Santa María de Couso	Ocampo (Arcos da Condesa)	1940
54	Menor	Santa María de Couso	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1845
55	Maior	San Miguel de Curantes	Juan Liste (Orazo)	1867
56	Menor	San Miguel de Curantes	Juan Liste (Orazo)	1879
57	Maior	San Paio da Estrada	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1818
58	Menor	San Paio da Estrada	Francisco Antonio Blanco (Santiago de Compostela)	1800
59	Maior	Santa María de Frades	Ocampo (Arcos da Condesa)	1919
60	Menor	Santa María de Frades	Hermanos Ocampo (Arcos da Condesa)	1974

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
61	Maior	Capela da Milagrosa de Frades	Ocampo (Arcos da Condese)	1925
62	Menor	Capela da Milagrosa de Frades	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condese)	1842
63	Maior	San Xiao de Guimarei	Juan Liste (Orazo)	1906
64	Menor	San Xiao de Guimarei	Ocampo (Arcos da Condese)	1948
65	Maior	Santo Estevo de Lagartóns	Manuel Malingre? (Ourense)	1978
66	Menor	Santo Estevo de Lagartóns	Juan Liste (Orazo)	1875
67	Maior	San Breixo de Lamas	Juan Liste (Orazo)	1870
68	Menor	San Breixo de Lamas	Serafim da Silva Jerónimo (Braga, Portugal)	1986
69	Única	Capela da Virxe de Guadalupe, Lamas	Serafim da Silva Jerónimo (Braga, Portugal)	1986
70	Maior	San Xoán de Liripio	Juan Liste (Orazo)	1890
71	Menor	San Xoán de Liripio	Pedro Hontañón (Orazo)	1841
72	Única	Capela de Santo Domingo de Cabanelas, Liripio	Dámaso Palacio (Santiago de Compostela)	1840
73	Maior	Santa María de Loimil	Juan Liste (Orazo)	1868
74	Menor	Santa María de Loimil	Ocampo (Arcos da Condese)	2019
75	Maior	Santa Baia de Matalobos	José Liste (Orazo)	1904
76	Menor	Santa Baia de Matalobos	Ocampo (Arcos da Condese)	1945
77	Maior	San Miguel de Moreira	José Liste (Orazo)	1883
78	Menor	San Miguel de Moreira	José Liste (Orazo)	1878
79	Única	Casa señorial da Pica, Moreira	Serafim da Silva Jerónimo (Braga, Portugal)	1984
80	Maior	Santa María de Nigoi	Juan Liste (Orazo)	1901

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
81	Menor	Santa María de Nigoi	José Liste (Orazo)	1917
82	Maior	Santo Estevo de Oca	José Liste (Orazo)	1904
83	Menor	Santo Estevo de Oca	Ocampo (Arcos da Condesa)	1940
84	Maior	Capela de Santo Antón de Padua, Oca	Moisés Díez (Palencia)	1928
85	Mediana	Capela de Santo Antón de Padua, Oca	Anónima	1846
86	Menor	Capela de Santo Antón de Padua, Oca	Fundición Sanjurjo (Vigo)	1950
87	Maior	Santa Mariña de Olives	José Liste (Orazo)	1903
88	Menor	Santa Mariña de Olives	Juan Liste (Orazo)	1854
89	Maior	San Pedro de Orazo	José Liste (Orazo)	1913
90	Mediana	San Pedro de Orazo	Fidel Taboada (Lalín)	1967
91	Menor	San Pedro de Orazo	Pedro Hontañón (Orazo)	1848
92	Maior	Capela de Santa Mariña, Orazo	Ocampo (Arcos da Condesa)	1929
93	Menor	Capela de Santa Mariña, Orazo	Ocampo (Arcos da Condesa)	1958
94	Maior	Capela de San Lois, Orazo	Ocampo (Arcos da Condesa)	1930
95	Menor	Capela de San Lois, Orazo	José Liste (Orazo)	1906
96	Maior	San Lourenzo de Ouzande	José Liste (Orazo)	1905
97	Mediana	San Lourenzo de Ouzande	José Liste (Orazo)	1902
98	Menor	San Lourenzo de Ouzande	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1844
99	Maior	San Pedro de Parada	Ocampo (Arcos da Condesa)	1927
100	Menor	San Pedro de Parada	Ocampo (Arcos da Condesa)	2019
101	Maior	Santa María de Paradela	Ocampo (Arcos da Condesa)	1889
102	Menor	Santa María de Paradela	Palacio e Liste (Orazo)	1864

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
103	Maior	Santa Baia de Pardemarín	José Liste (Orazo)	1903
104	Menor	Santa Baia de Pardemarín	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1780
105	Maior	San Cristovo de Remesar	Juan Liste (Orazo)	1852
106	Menor	San Cristovo de Remesar	Fidel Taboada (Lalín)	1961
107	Maior	Santa Mariña de Ribeira	Felipe Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1830
108	Menor	Santa Mariña de Ribeira	Anónima	1778
109	Maior	Capela de San Vicente de Ribeira	Dámaso Palacio (Santiago de Compostela)	1840
110	Menor	Capela de San Vicente de Ribeira	Anónima (Anepígrafa)	s/d
111	Maior	Santa Mariña de Ribela	José Liste (Orazo)	1893
112	Menor	Santa Mariña de Ribela	Juan Liste (Orazo)	1882
113	Maior	San Martiño de Riobó	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1849
114	Menor	San Martiño de Riobó	Antonio Cagigal (Santiago de Compostela)	1831
115	Maior	Santa María de Rubín	Viuda de Perea (Miranda de Ebro, Burgos)	1960
116	Menor	Santa María de Rubín	Juan Liste (Orazo)	1857
117	Maior	Capela da Nosa Señora da Regla, Rubín	Palacio e Liste (Orazo)	1966
118	Menor	Capela da Nosa Señora da Regla, Rubín	Palacio e Liste (Orazo)	1967
119	Maior	San Lourenzo de Sabucedo	Juan Liste (Orazo)	1890
120	Menor	San Lourenzo de Sabucedo	Juan Manuel de la Vega (Orazo)	1779
121	Maior	San Xoán de Santeles	José Francisco Serna (Santiago de Compostela)	1829
122	Menor	San Xoán de Santeles	José Francisco Serna (Santiago de Compostela)	1818

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
123	Maior	Santo André de Somoza	Juan Liste (Orazo)	1872
124	Menor	Santo André de Somoza	Juan Liste (Orazo)	1871
125	Maior	Santo André de Souto	Hermanos Ocampo (Arcos da Condesa)	1989
126	Menor	Santo André de Souto	Felipe Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1818
127	Maior	Capela de San Bieito de Montillón, Souto	Ocampo (Arcos da Condesa)	1884
128	Menor	Capela de San Bieito de Montillón, Souto	Ocampo (Arcos da Condesa)	1989
129	Maior	Santiago de Tabeirós	José Liste (Orazo)	1900
130	Menor	Santiago de Tabeirós	Ocampo (Arcos da Condesa)	1935
131	Maior	Capela da Nosa Señora da Consolación, Tabeirós	José Cabrillo Mayor (Salamanca)	1948
132	Menor	Capela da Nosa Señora da Consolación, Tabeirós	Juan Liste (Orazo)	1898
133	Maior	San Pedro de Toedo	José Liste (Orazo)	1896
134	Menor	San Pedro de Toedo	José Liste (Orazo)	1896
135	Maior	Santa Cristina de Veá	Melchor e José Ocampo (Arcos da Condesa)	1897
136	Menor	Santa Cristina de Veá	Dámaso Palacio (Santiago de Compostela)	1836
137	Maior	Santo André de Veá	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1842
138	Menor	Santo André de Veá	José Liste (Orazo)	1899
139	Maior	Capela da Gándara, Santo André de Veá	Ocampo (Arcos da Condesa)	1917
140	Mediana	Capela da Gándara, Santo André de Veá	Juan Liste (Orazo)	1880
141	Menor	Capela da Gándara, Santo André de Veá	Juan Liste (Orazo)	1871
142	Maior	San Xiao de Veá	Juan Manuel Blanco (Arcos da Condesa)	1818

Nº	Campá	Igrexa /capela	Fundidor	Data
143	Mediana	San Xiao de Veá	Ocampo (Arcos da Condesa)	2001
144	Menor	San Xiao de Veá	Ocampo (Arcos da Condesa)	1922
145	Única	Capela de san Bartolomeu, San Xiao de Veá	Ocampo (Arcos da Condesa)	2001
146	Maior	San Xurxo de Veá	Antonio Blanco Paz (Arcos da Condesa)	1855
147	Menor	San Xurxo de Veá	José Francisco Serna (Santiago de Compostela)	1803
148	Maior	Santa Cristina de Vinseiro	Juan Liste (Orazo)	1871
149	Menor	Santa Cristina de Vinseiro	Juan Liste (Orazo)	1883

Como ollamos no cadro anterior, temos 28 mestres fundidores; incluíndo os anónimos, e 149 campás en todo o concello da Estrada. Debullamos o cadro por número de campás fundidas e fundidor. Temos de fóra da Galiza unha de José Cabrillo Mayor feita en Salamanca, outra de Miranda de Ebro (Burgos) pola Viuda de Perea e outra que vén de Sevilla, pero fundida por Moisés Díez en Palencia. Con 3 campás de fóra tamén temos a Serafín da Silva Jerónimo de Braga, Portugal. O resto feitas todas na Galiza. Cunha campá temos a Juan María de la Sota en Lugo, Antonio Cagigal, Dámaso Palacio e Francisco Antonio Blanco en Santiago de Compostela; Manuel Malin gre en Ourense, Juan Manuel Blanco Paz e Melchor Ocampo xunto co seu irmán José, todos eles de Arcos da Condesa, Caldas de Reis. Sandalio Palacio, fundidor itinerante e Fundación Sanjurjo de Vigo con outra. Con dúas campás temos a Pedro Hontañón en Orazo e Felipe Blanco Paz en Arcos da Condesa. Con tres campás temos aos Irmáns Ocampo, Juan Ocampo e Melchor Ocampo en solitario, de Arcos da Condesa. Con catro campás a Fidel Taboada de Moneixas, Lalín, Dámaso Palacio de Santiago de Compostela e Palacio e Liste en Orazo. Con cinco a José Francisco Serna de Santiago de Compostela. Anónimas temos seis campás. Antonio Blanco Paz, de Arcos da Condesa, Caldas de Reis, con oito. O mestre fundidor de Orazo,



Torre campanario do santuario da Virxe de Guadalupe-Codeseda



Torre campanario da igrexa de Couso

A Estrada, Juan Manuel de la Vega con nove e pasamos con vinte, ó fundidor de Orazo, José Liste Villanueva. Coa firma Ocampo temos 26 e por ultimo, a Juan Liste Pereiras de Orazo, A Estrada con trinta e seis campás. Estas campás son as que hai a día de hoxe no mes de setembro de 2023. Evidentemente, co paso do tempo esta lista variará pois as campás non son eternas.

Campaneiros

Campaneiro ten un dobre significado: persoa fundidora de campás; persoa que tanxe as campás. Para diferenciar a uns dos outros, chamaremos aos primeiros, mestres fundidores de campás e os outros mestres das badaladas.

Por sorte para este país é moita a xente nova que esperta a súa inquietude e se esforza en coñecer e aprender o toque manual das campás para que este non se esqueza e quede por sempre entre nós.

Hoxe traemos a estas páxinas o máis novo campaneiro que temos na Galiza

Mateo Vázquez atopábase formando ese gran elenco de poñentes no primeiro congreso sobre o toque manual de campás, que como queda dito máis arriba, celebrouse na igrexa de San Xurxo de Cereixo o día 6 de maio de 2023. Mateo Vázquez Ares non defraudou, a pesares de ser o mestre das badaladas máis novo, fixo unha exposición práctica de como deben soar as campás, quedando todos os que alí nos atopábamos co boca aberta mirando cara o campanario, para ver a ese talento que estaba a tanxer os sinos da igrexa de Cereixo. Mateo fusionase co badalo, e o seu espírito musical crea unha composición rítmica que espertan os sentimentos de aqueles que están a escoitalo, mentres o vento afasta a súa percusión polos verdes vales.

Este campaneiro é capaz de facer soar ata catro campás á vez, interpretando o tentenublo, repenique de procesión, o toque mariñeiro, unha muñeira, pasodobre, unha xota ou o que faga falta. Este mestre das badaladas fai unha combinación de sons que representan a harmonía propia da música co seu toque manual de campás en máis de corenta igrexas diferentes, entre elas destaca a concatedral de Vigo.

Breve historia e lenda de varias campás da Estrada

Os mestre fundidores de campás no séculos XVIII e XIX erguían o seu obradoiro nun lugar onde se podían atopar as materias primas, isto é leña para queentar o forno e barro para os moldes. Tamén eran chamados polos cregos para fundir campás, no lugar do antollo destes, correndo os curas cos gastos da leña e barro. O mestre fundidor poñía o forno e o crisol e erguía un cativo obradoiro temporal. Isto queda demostrado no contrato que establece o reitor parroquial de San Xiao de Veá co mestre fundidor de campás don Juan Manuel Blanco que tiña o seu obradoiro estable en Arcos da Condesa. No libro de fábrica do ano 1818, dinos o crego que as campás estaban escachadas e tratou cos veciños para facer unhas novas, e como as que había antes non se oían en toda a parroquia decidían facelas máis grandes. Axustou a obra ó mestre campaneiro don Juan Ma-



Torre campanario da igrexa de Olives

nuel Blanco que tiña o obradoiro en Arcos da Condesa de onde era veciño, pero baixo certas condicións; unha delas era que tiñan que fundilas onde o cura ordenase. Construiu un forno no sitio coñecido como Cara Nova, na parroquia de Santo André de Veá. Fundiu tres campás o día 31 de outubro do ano de 1818 e foron colocadas na torre da igrexa o 21 de novembro do mesmo ano. Costeou a grande a fábrica, tomando parte do metal das campás vellas, cun custo de 3.262 reais con 32 maravedís. A segunda costeárona os veciños: 3.502 reais con quince maravedís. A terceira pagouna o crego García Abalo cun custo de mil e pico reais.

Botándolle unha ollada ó libro de fábrica do santuario da Virxe de Guadalupe no lugar da Grela en Codeseda, no ano 1850, infórmanos dos gastos que conleva a instalación dunha campá. Dinos o vicario: «o campaneiro don Antonio Blanco pola campá maior do santuario 1.638 reais, o ferreiro Francisco Morgade pola fundición do badalo e composición dos ferraxes do cepo 50 reais. A persoa que foi buscar e levar unha cabalería para subir a campá 20 reais, polo ferro para a composición do badalo 24 reais e 28 maravedises o carpinteiro que asentou todas as ferraxes no cepo da campá 6 reais. Foi fundida no ano 1849 polo mestre fundidor de Arcos da Condesa Antonio Blanco Paz».

No ano 1841 o señor cura párroco de Ouzande D. Juan Manuel Fontenla é autorizado polo arcebispado para erguer unha capela en advocación á Virxe Peregrina; a súa localización coincide aproximadamente coa residencia da terceira idade. A capela pecharía a súas portas no ano 1858. A campá que tiña a capela, pendura no cumio da espadana da igrexa románica de Ouzande, que os fregueses de Ouzande reclamaron cando esta se puxo a venda.

Foi fundida en Arcos da Condesa polo Mestre fundidor Antonio Blanco Paz no ano 1844.

Teño a lembranza dunha lenda; fálanos da campá da igrexa de Liripio. Seica hai moito tempo un pastor estaba co rabaño no monte e atou unha cabra a unha raíz, e cando o animal tirou da corda unha campá soou. Levaron a campá para a igrexa parroquial de Liripio, e un día andaba un pobre mendigo pedindo esmolos pola contorna e escoitou soar a campá. Preguntou onde estaba esa campá, e os veciños díxéronlle que se atopaba na igrexa de Liripio e o mendigo fincou os xeonllos no chao e mirando cara o ceo berraba que esa campá era a campá do trono. Así que cada vez que había unha treboada tocaban a campá de maneira moi forte para espantar a tormenta.

Campás de Liripio, cando empezas a tocar, nin que foras un feitizo, vai a tronada pró mar.

Campaneiros mestres fundidores de campás

Neste apartado sobre os mestres fundidores de campás que se atopan no concello da Estrada, farei unha breve xenealoxía dos mesmos; non é intención dos autores alongar os datos familiares senón máis ben expor de forma clara de onde procedían, onde tiñan os obradoiros, e de quen eran fillos os herdeiros do mestre fundidor de campás.

Os mestres fundidores de campás teñen o seu berce en Cantabria, terra de afamados campaneiros.

Faremos un percorrido na Estrada pola parroquia de Orazo coa familia Liste e en Caldas de Reis pola parroquia de Santa Mariña de Arcos da Condesa, co familia Blanco e logo Ocampo. E en Lalín pola parroquia de Moneixas coa familia Taboada.

Mestres fundidores de campás de Orazo-A Estrada

O primeiro fundidor de campás en Orazo que temos atopado chámase JUAN MANUEL DE LA VEGA, figuraba como veciño desta parroquia entre 1774 e 1816. Este Juan Manuel de la Vega en 18 de febreiro de 1808 era campaneiro e veciño de Orazo. Posiblemente natural de Cantabria.

PEDRO HONTAÑÓN. Mestre fundidor de campás, oriúndo de Cantabria. Nun artigo publicado no *Eco de Galicia* en agosto de 1935, dinos «Una fábrica o taller de fundición de campanas en Orazo, fundada en 1835 por Pedro Hontañón, natural de Santander». O obradoiro de Hontañón estaba no lugar da Igrexa en Orazo.

DÁMASO DE PALACIO, mestre fundidor de campás, do concello de Bareyo en Cantabria, en 1834 funde unha campá na Coruña, en 1846 outra para a igrexa parroquial de San Vicente de Eirexafeita-Saviñao (Lugo). Un dos seus sinais é a inscrición «JHS MARIA JOSE.» Sobre 1859 monta unha sociedade con Juan Liste Pereiras ata 1870 aproximadamente.

JUAN LISTE PEREIRAS, nado o 23 de xuño de 1822, no lugar da Igrexa en Orazo, fillo de Manuel Liste Rey e de Manuela Pereiras González. Avós paternos; Andrés e Florentina, maternos; Andrés e Isabel. Contrae esponsais na igrexa de Orazo o día 25 de novembro



Obradoiro e lar do mestre fundidor de campás López Ocampo, Arcos da Condesa

de 1844 con Florentina Villanueva Bibián; deste matrimonio quedaron dous fillos, José e Justa. Acontece o pasamento de Juan no lugar do Currelo na parroquia de Orazo o día 24 de novembro de 1909.

Nun xacemento moi preto do seu obradoiro, no lugar do Currelo, tiña a materia prima do barro para facer os moldes das campás.

Juan Liste comeza de aprendiz sendo un rapaz con Pedro Hontañón, este tiña o obradoiro no lugar da igrexa, onda a casa de Juan Liste. Unha vez que Pedro Hontañón, natural de Santander, marcha de Orazo, continúa co obradoiro Juan Liste. Posteriormente asóciase con Dámaso Palacio, este natural de Cantabria. A sociedade fúndase polo 1859 e remata en sobre 1870. Juan Liste segue no obradoiro co seu fillo José que será o que continúe como herdeiro familiar.

JOSÉ LISTE VILLANUEVA, nado o 24 xullo 1858 en Orazo. Campaneiro, mestre fundidor de campás. Contrae matrimonio con Dominga Otero, natural de Lamela, concello de Silleda. Son pais de oito fillos, Eudosa, Amalia, Redorinda, Elvira, Avelina, Victoriano, Florentino e Lisardo. Finou José, na súa casa do Currelo en Orazo, o día 21 de xaneiro de 1927.

VICTORIANO LISTE OTERO, nado no lugar do Currelo o día 27 de xuño de 1893, como fillo varón primoxénito queda o cargo do obradoiro do Currelo en Orazo, onde aprenderá o oficio de mestre artesán fundidor de campás co seu pai e avó. Con Victoriano esmorece a fundición, pechando o obradoiro sen conseguir fundir unha soa campá. Emigra a Bos Aires-Arentina. Velaquí remata a andaina da familia Liste como mestres fundidores de campás en Orazo-A Estrada.

A familia Liste ten campás en toda a Península e en Sudamérica. A pesares do pouco tempo que mantiveron aberto o seu obradoiro de fundición, fixeron unha mancha de campás que se atopan espalladas por todos os campanarios do concello estradense

Mestres fundidores de campás de Arcos da Condesa-Caldas de Reis

Ó facer esta curta investigación xeneolóxica e rastrexar os libros sacramentais, bautizados, casados e defuntos de Santa Mariña de Arcos da Condesa en Caldas de Reis, descubrimos que estes mestres fundidores de campás proviñan do Val da Hoz en Cantabria, sendo Fidalgos Montañeses, ostentando o título de don. Establécense en Arcos das Condesa a finais do século XVIII.

Os ancestros dos campaneiros mestres fundidores de campás de arcos da Condesa, exerceron no gremio de campaneiros desde hai séculos.

Non hai igrexa, colexiata ou catedral que se aprecie que no seu campanario non penduran unha ou varias campás fundidas no obradoiro de Arcos da Condesa.

D. FRANCISCO ANTONIO BLANCO CAMPO, nado no Val de Hoz de Anero-Trasmiera, Cantabria, o día 26 de xaneiro de 1709, de profesión campaneiro. Contrae matrimonio canónico con dona María Rucabado, filla de Gerónimo Rucabado e de Antonia de Toroya, no Valle de Hoz o 14 de xaneiro de 1732. No ano 1759, fai catro campás para a Colexiata de Santa María do Campo da Coruña, a maior, a prima e dúas esquilonas, hoxe desaparecidas. No documento afirma que é veciño do Val de Hoz. Francisco Antonio, aparece nas Probas de Nobreza dos padróns do Valle de Hoz. Finou don Francisco An-

tonio o día 8 de febreiro de 1779. Outorgou testamento ante o cura de Toroya-Valle de Hoz don Juan Caixegal e testigos, deixando por fillos, Francisco, Juan, José e Luisa.

D. JUAN GERÓNIMO BLANCO RUCABADO, natural de Santa María de Toroya-Cantabria, vindo o mundo o día 4 de outubro 1756, de profesión campaneiro. Contrae matrimonio con Dona María Paz, de Santa María de Gomariz de Leiro, Ourense o día 12 de maio de 1786, filla de D. Pedro Paz e de Dona María Eulalia Fernández Moure. Don Juan Gerónimo ten un preito na Sala de Fidalgos da Real Chancelería de Valladolid iniciándose o xuízo 4 de decembro de 1787. Ergue o seu lar e obradoiro no lugar de Ameal en Arcos da Condesa, Caldas de Reis. Aconteceu o pasamento de Juan Gerónimo o día 4 de setembro de 1825, e o da súa dona Dona María finou o día 1 de setembro de 1829. Foron soterrados ambos na capela maior da igrexa de Santa Mariña de Arcos da Condesa. Testou Juan Gerónimo ante o escribán don Ramón Amor de Castro, veciño de San Martiño de Agudelo-Barro, con data 18 de outubro de 1824. Deste matrimonio quedaron cinco fillos, Juan Manuel, Josefa, Antonio, Margarita e Felipe. Sendo mestres fundidores de campás os fillos varóns e herdeiros do seu pai no obradoiro.

D. ANTONIO BLANCO PAZ, nado en Arcos da Condesa o día 1 de novembro de 1794, profesión campaneiro. Casou con Vicenta Caamaño nada sobre 1801 e finou no lugar de Penalta, viúvo de doña Vicenta Caamaño, o día 10 de novembro do 1877. Otorgou testamento 14 de febreiro de 1874 ante o notario don Juan Casal, veciño de San Salvador de Saiáns-Moraña.

D. FELIPE BLANCO PAZ, nado no lugar da Saniña, parroquia de Arcos da Condesa, o día 22 de agosto de 1798. Casou con María del Carmen Silva, filla de Juan Silva e Rosa Ortigueira, de San Andrés de Baliñas, Barro, Pontevedra. Ó finar seu pai, levaría a dirección da empresa.

D. JUAN MANUEL BLANCO PAZ, casado con dona María Manuela Fernández. Faleceu no lugar do Ameal na parroquia de Arcos da Condesa o día 27 de decembro 1859. Deixou cinco fillos: Juan Antonio, Felipe, María Dolores, Andrés María e Ramón Benito. Este don Juan Manuel no ano 1818 é o mestre fundidor das tres campás

da igrexa de San Xiao de Veá. A súa dona María Manuela finou en Arcos da Condesa o día 24 de setembro de 1864.

DONA MARGARITA BLANCO PAZ, non aparece a súa partida de bautismo nos libros sacramentais de Arcos da Condesa, polo que debeu nacer noutro lugar. Casa en Santa Mariña de Arcos da Condesa o día 26 de decembro de 1819, con don BUENAVENTURA OCAMPO, que naceu en 1787. O Pasamento de Margarita acontece o día 22 de marzo de 1856 e o seu marido finou no lugar de San Martín aos noventa anos, o día 15 de xaneiro de 1878. Con este matrimonio entra de cheo o apelido «do Campo» que no tempo pasará a «Ocampo» Facendo o troco de Blanco polo do Campo. Sucedeuno no obradoiro de fundición de campás o fillo primoxénito, D. Juan Ramón do Campo Blanco.

D. JUAN RAMÓN DO CAMPO BLANCO, nado no lugar de San Martín, Arcos da Condesa o día 5 de novembro de 1821. Faleceu Juan Ramón en 26 de novembro de 1898 e a súa dona o 6 de febreiro de 1897. Sucedeuno o seu fillo Melchor.

D. MELCHOR BUENAVENTURA OCAMPO BALIÑAS, nado no lugar de San Martín en Arcos da Condesa o día 12 de abril de 1847, foron os seus padriños os avós paternos. Contrae esponsais con Francisca Barreira Monteagudo, filla de Manuel e Francisca. En 1886 traslada o obradoiro de fundición de campás para o lugar de Badoucos en Arcos da Condesa. Acontece o pasamento de Melchor en Arcos da Condesa o día 12 de maio de 1913. Este matrimonio tivo once fillos; Juan, Savina, Cándida, Dolores, José, Joaquina, María, Manuel, Francisco, Carmen e Josefina.

JUAN OCAMPO BARREIRA, nado en Arcos da Condesa o día 10 de xullo de 1880, viúvo de Dolores Loureiro. Casa o día 5 de novembro de 1910 con dispensa de 3º grado por consanguinidade, con Josefa del Río Baliñas, nada en Arcos da Condesa o día 24 de decembro de 1888. Finou, Juan o día 24 xullo de 1954 e a súa dona 25 de abril de 1967. Son os herdeiros como mestres fundidores de campás, catro dos seus once fillos.

Os irmáns Ocampo del Río, rexentan o obradoiro de fundición de campás deste xeito: Laureano e Manuel, corren coa dirección e xestión, mentres José e Julio, encárganse da fabricación das campás.



Campá da desaparecida capela de San Roque, Codeseda

MANUEL OCAMPO DEL RÍO, nado en Arcos da Condesa o día 29 de xullo de 1912, finou solteiro no lugar de Badoucos-Arcos da Condesa o día 26 de novembro de 1999.

JOSÉ OCAMPO DEL RÍO, nado en Arcos da Condesa o día 4 de abril de 1915, finou cელიbe en Arcos da Condesa o día 18 de novembro de 1992.

LAUREANO OCAMPO DEL RÍO, nado en Arcos da Condesa o día 14 de marzo de 1921, vivía en Badaucos-Arcos da Condesa; casou sobre 1945 con Aurora Fuentes Diz, natural de Romai, concello de Portas. Morreu Laureano en Pontevedra o día 20 de febreiro de 2002.

JULIO OCAMPO DEL RÍO, nado en Arcos da Condesa o día 18 de decembro de 1927; casou con Divina Fernández Barros o día 18 de



Campá fundida en Orazo por de la Vega. Orazo 1808

febreiro de 1956. Finou Julio en Arcos da Condesa, lugar de Foxacos, o día 19 marzo de 2006.

A filla de Julio Ocampo del Rio, chamada MARÍA JOSEFA OCAMPO FERNÁNDEZ, nada no lugar de Badoucos parroquia de Arcos da Condesa o día 16 de xaneiro de 1957, contrae matrimonio canónico na igrexa parroquial de Santa Mariña de Arcos da Condesa o día 7 de maio de 1977, con ENRIQUE LÓPEZ GARCÍA, nado en Arcos da Condesa lugar de Badoucos o día 11 maio de 1952, fillo de Enrique López Fariña e de María García Rebón. Aquí unha vez máis faise o troco do apelido; desta volta, Ocampo por López.

ENRIQUE LÓPEZ GARCÍA, traballa na fábrica de fundición de campás dos irmáns Ocampo del Rio en Arcos da Condesa no lugar de Badoucos. Aprende cos irmáns Ocampo del Rio o método de

fundir campás de forma tradicional; así mesmo mestúrase no traballo de administración e dirección. Xunto co seu fillo José Enrique son os que rexen a herdanza da fábrica de fundición de campás no Badoucos en Arcos da Condesa.

JOSÉ ENRIQUE LÓPEZ OCAMPO, nado no lugar de Badoucos, parroquia de Arcos da Condesa o día 29 de outubro de 1977. Contrae matrimonio canónico o día 9 de maio de 2009 na igrexa parroquial de Santa Mariña de Arcos da Condesa, con Mónica Torres Fontán, filla de José e María Dolores, nada en Caldas de Reis o día 9 de decembro de 1978.

Na actualidade rexenta a fabrica de campás de Arcos da Condesa este mestre fundidor artesán de campás, neto de Julio Ocampo del Río. José Enrique, está considerado un excepcional mestre fundidor de campás; isto queda demostrada coa fundición e instalación de catro campás en 1998 para a catedral de Santa María a Real da Almudena de Madrid. Polo de agora é o derradeiro Mestre Fundidor Artesán de Campás da nosa terra.

Moneixas-Lalín

Son os derradeiros campaneiros mestres fundidores de campás que erguen o seu obradoiro na provincia de Pontevedra. Establécense no lugar de Quintá na parroquia de Moneixas a finais de 1890 pechando o obradoiro en 1972. Foron catro xeracións de campaneiros mestres fundidores. Tres parroquias da Estrada teñen as súas campás, Agar, Castro e Orazo.

JESÚS TABOADA MONTOTO, nado na parroquia de Noceda, Lalín. Instala o obradoiro de fundición de campás no lugar Quintá, parroquia de Santo Adrián de Moneixas, no mesmo termo municipal. Casou con Consuelo Campos Bernárdez. Deste matrimonio quedaron oito fillos. Pero o que exerce o oficio de fundidor de campás será Plácido

PLÁCIDO TABOADA CAMPOS, nado en Moneixas o 8 de agosto de 1895, casou con María Portas López, nada en Moneixas en 1892, filla de Benito e Dionisia. Deste matrimonio quedaron catro fillos, exercendo como fundidor de campás o primoxénito, Fidel. Finou Plácido o día 19 decembro de 1964.

LUÍS PLÁCIDO FIDEL TABOADA PORTAS, nado en Moneixas o 6 de xuño de 1920; casou en Taboada, concello de Silleda, o día 7 de febreiro 1953 con María Mercedes Iglesias Iglesias, nada en Taboada sobre 1924; foron pais de catro fillos. O primoxénito de Fidel, chamado JULIO TABOADA IGLESIAS, nado en Moneixas en 1954, pasa a traballar de fundidor xunto a seu pai.

Permanece aberto o obradoiro ata o ano 1972, en que Fidel Taboada Portas e o seu fillo Julio Taboada Iglesias cesan como mestres fundidores de campás.

Rematamos este artigo sobre as campás e campaneiros, facendo unha fonda cavilación do por que na nosa Galiza non temos un museo da campá, cando nesta Terra erguéronse desde hai séculos obradoiros dos mellores mestre fundidores artesáns de campás de toda a península. E seguimos tendo o único obradoiro artesán de fundición de campás de toda España. Desde estas páxinas propoñemos ás autoridades eclesiásticas, Asociacións de Campaneiros de Galicia, Asociación Patrimonio Cultural Galego, eido da cultura e educación, medios de comunicación e a todo o pobo galego, solicitar as autoridades políticas o compromiso de erixir un Museo das Campás na nosa Terra.

Biografía

- A.V. CALVEIRO. *Eco de Galicia* revista ilustrada y de información de la colonia gallega en Cuba « Un bello Rincón de Galicia» Año XIX Número 381-1935 agosto.
- BÉRTOLO, José M. e FERRO, Luís M. *Faro de Vigo*, Deza/Tabeiros «Tanxen as campás da Estrada» Sábado 25 marzo de 2023.
- CADENAS Y VICENT, Vicente. «Pleitos de Hidalguía que se conservan en el Archivo de la Real Chancillería de Valladolid. Extracto de sus expedientes. Siglo XVIII. Tomo IV». Instituto Salazar y Castro. Hidalguía, Madrid-1983.
- ESCALLADA GONZÁLEZ, Luís de. «Breve Guía de Maestros Fundidores de Campanas de Cantabria». *Altamira*, Revista del Centro de Estudios Montañeses, Tomo LXX, Consejería Cultura, Turismo y Deportes Gobierno de Cantabria. Santander 2006.
- FERRO, Luís e TROIANO, Xosé. *Faro de Vigo*, Deza/Tabeiros «Campás de Codeseda» martes, 22 de agosto de 2023.
- GARCÍA ALONSO, Celso. «As Campás Gallegas. Fundicións» Deputación de Pontevedra, 2012.

- LOUZAO OUTEIRO, Miguel. «Tabeirós Terra» *Xornal Cultural da Estrada*. Orazo, a fábrica das badaladas. Novembro, 1998.
- PELLÓN GÓMEZ DE LA RUEDA, Adela M^a. *Campaneros de Cantabria*. Centro de Estudios Montañeses, Santander 2000.
- REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel. *A Estrada Rural*. Deputación de Pontevedra, 1990-2007.
- TROIANO CARRIL, Xosé. «Campás das igrexas de Santiago, San Xurxo e Santa María do Campo da Coruña». *Anuario Brigantino* núm. 40, Betanzos 2017.
- TROIANO CARRIL, Xosé. «Campá do reloxo da Casa do Consulado» *Revista Abrente*, A Coruña 2018.

Arquivos

- AHDS. Arquivo Histórico Diocesano de Santander. Libros sacramentais de Santa María de Toroya-Valle de Hoz.
- AHDSC. Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela, libros de bautizados, casados e difuntos das parroquias de Orazo-A Estrada e Santa Mariña de Arcos da Condesea-Caldas de Reis.
- AHDO. Arquivo Histórico Diocesano de Ourense. Libros sacramentais de Santa Mariña de Gomariz-Leiro.
- Rexistro Civil da Estrada. Libros de nacementos, matrimonios e defuncións.
- Rexistro Civil de Caldas de Reis. Libros de nacementos, matrimonios e defuncións.
- Rexisto Civil de Lalín. Libro de nacementos.